

a los aspirantes elegidos. Por su parte, la Orden de 14 de marzo de 1994 del mismo consejero (BOPV núm. 70, de 14 de abril) establece las condiciones a cumplir por los alumnos que estén interesados en participar en el citado programa.

Por Orden de 9 de febrero de 1994 del consejero de Educación (BOPV núm. 39, de 25 de febrero) se convoca el concurso literario *Urruzuno* para 1994 para jóvenes que estén cursando estudios de enseñanzas medias. Dispone la Orden que los trabajos literarios deben ser originales, no publicados con anterioridad, escritos originalmente en euskara, bien en prosa bien en poesía, respetando en todo caso las reglas ortográficas y gramaticales aprobadas por la Academia de la Lengua Vasca *Euskaltzaindia*.

Anualmente, y siguiendo con medidas de fomento del euskara, la Consejería de Cultura otorga los premios *Euskadi* de literatura en euskara en las modalidades de poesía (premio *Lizardi*) y ensayo (premio *Pedro Axular*) en las que podrán participar todas las personas físicas que no hayan resultado galardonadas anteriormente. La cuantía de los premios es de 1.350.000 ptas. y 2.650.000 ptas. respectivamente. Conviene señalar que también se otorgan estos premios, en las mismas modalidades, para obras literarias producidas en castellano.

La Consejería de Cultura concede anualmente subvenciones a las personas jurídicas o privadas, editoras de publicaciones periódicas no diarias en euskara. La Orden de 23 de febrero de 1994 (BOPV núm. 47, de 9 de marzo) regula las condiciones de concesión para 1994.

I.4. GALICIA (DENDE XANEIRO A XUÑO DE 1994)

Xosé GONZÁLEZ MARTÍNEZ

Xefe do Servicio de Normalización Lingüística
do Concello de Redondela

Consellería da Presidencia e Administración Pública

A. Lexislación

Decreto 82/1994, do 8 de abril, polo que se determinan os nomes oficiais das parroquias pertencentes ós concellos da Peroxa, Petín, Rairiz de Veiga, Ramirás e Ribadavia (DOG núm. 76).

A Lei de Galicia 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística,

dispón no seu artigo 10 que «os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega».

Contando co preceptivo dictame da Comisión de Toponimia, logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, aprobáanse os nomes oficiais das parroquias pertencentes ós concellos sinalados no Decreto.

B. Fomento

Decreto 103/1994, do 21 de abril, polo que se establecen axudas dirixidas ás publicacións periódicas escritas integramente en galego normativizado.

No dicir da Consellería a aparición de novos elementos no campo da información —xornais escritos integramente en galego— maila experiencia adquirida dende entón —incremento da información escrita en galego—constitúen un feito ó que o Goberno galego ten que presta-lo seu máis decidido apoio, a prol de continuar coa política marcada polo Estatuto de autonomía.

No artigo 1.º do Decreto establece incenctivos para as empresas periodísticas radicadas en Galicia e inscritas no Rexistro Mercantil, que difundan as súas publicacións periódicas escritas integramente en idioma galego normativizado. Cómpre que non pase inadvertida a matización: galego normativizado. Deste xeito ponse cabo a unha anarquía propiciada por algunhas publicacións periódicas de ostensible belixerancia co Decreto que establece as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

A. Lexislación

Decreto 79/1994, do 8 de abril, sobre exención da materia de lingua galega no ensino básico e medio (DOG núm. 72).

O artigo 14 da Lei 3/1983, de normalización lingüística determina a obrigatoriedade do estudo da materia de lingua galega en tódolos niveis educativos non universitarios. O Goberno galego regulamentou as circunstancias excepcionais en que un alumno pode ser dispensado do estudo obrigatorio desa materia.

O actual Decreto está motivado por unha resolución xudicial recaída sobre outro anterior. Por iso, con data do 23 de marzo de 1994 o Conse-

llo Escolar de Galicia foi consultado previamente, en execucións das sentencias número 801 e 803, den 1993, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para informalo da regulación contida neste Decreto, que consta de catro artigos, dúas disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e dúas derradeiras.

O artigo 1 establece que «Os alumnos que se incorporen ó sistema educativo de Galicia procedentes doutras comunidades autónomas ou do estranxeiro poderán obter a exención das probas de avaliación da materia de lingua galega durante o período de tempo que se fixa neste decreto, co fin de que, cun esforzo especial pola súa parte, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continúa dos seus profesores, poidan, ó remate de tal prazo, seguir as ensanzas propias do nivel no que estean en igualdade de condicións cos demais compañeiros de clase».

Sen embargo, o alumno terá que asistir obrigatoriamente ás clases como medio de integración lingüística.

O parágrafo 4 do artigo 1, di: «O incumprimento por parte do alumno do establecido no punto anterior determinará, tralos informes pertinentes, segunda proceda, do departamento ou do seminario de galego e máis da dirección do centro, con audiencia do Consello Escolar e oído o interesado ou, se é o caso, o representante legal, a revogación da concesión da exención».

Tanto a revogación coma a denegación da exención producirán como efecto a obriga para o alumno de ser cualificado nas avaliacións parciais e na final do curso no que se atopa.

As exencións e os prazos para as solicitudes das mesmas, tamén están reguladas no artigo 2.º:

«1. Terán dereito a que se lles conceda a exención aqueles alumnos que realizasen os seus estudos inmediatamente anteriores, básicos ou medios, en centros docentes doutras comunidades autónomas ou do estranxeiro.

»2. As solicitudes de exención presentaranse no rexistro das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, as cales resolverán sobre a súa concesión ou denegación no prazo máximo de un mes, contado a partir da presentación da documentación completa; contra estas resolucións poderase recorrer perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

»3. As exencións solicitaranse para cada ano académico de permanencia na Comunidade Autónoma de Galicia e os seus efectos limitaranse ó citado ano, sen que se poidan conceder en máis de tres consecutivos.»

O artigo 4.º sinala que poderán obter tamén a exención da materia de lingua galega aqueles alumnos con deficiencias, especialmente auditivas, que acrediten o grao de deficiencia, segundo o estableza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e declaren estar instalados na outra lingua oficial de Galicia.

B. Fomento

Orde do 4 de febreiro de 1994 pola que se regula a concesión de subvencións a asociacións e institucións sen fins de lucro para a realización de actividades de promoción da lingua galega. (DOG núm. 52).

Coa finalidade de dar cumprimento ó disposto na Lei de normalización lingüística, convócanse subvencións para as asociacións e institucións sen fins de lucro (exclúense as entidades da Administración local) para a realización de proxectos que lle dean permanencia á presenza da lingua galega, como a creación de gabinetes ou actividades de asesoramento lingüístico permanente.

A partida presupostaria destinada para cubrir este obxectivo é de cento cincuenta e sete millóns de pesetas.

Consellería de Industria e Comercio

Decreto 185/1994, do 16 de xuño, sobre a utilización do idioma galego nos produtos e información ó consumidor e usuario en Galicia (DOG núm. 120).

Razóns de índole práctica aconsella unificarlo Decreto 101/1986, do 23 de maio, polo que se regula a utilización do idioma galego no etiquetado e publicidade dos produtos que se comercializan en Galicia, e mailo Decreto 112/1985, do 23 de maio, polo que se regulan as oficinas de información e orientación ó consumidor e usuario, modificando, ó tempo, levemente o contido dalgún dos seus preceptos.

O artigo 1.º establece que «Os datos obrigatorios de conformidade coas disposicións vixentes e aqueloutros que se consignen de modo facultativo, que figuren no etiquetado dos envases ou na rotulación das embalaxes dos produtos que se comercialicen no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, poderanse expresar nos idiomas galego ou castelán, ou ben en ámbolos dous idiomas». Para cando o etiquetado ou rotulación dun produto figuren textos en ámbolos dous idiomas, «deberanse utilizar neles letras do mesmo tamaño e caracteres».

O artigo 3, establece en tres apartado, os tipos de fomento do idioma galego nas actividades mercantís: a) Subvencións ás empresas que utilicen o galego no etiquetado dos seus produtos que vaian comercializarse no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia; b) Premios e mencións honoríficas ás empresas que se distingan de modo especial no emprego do galego no etiquetado o rotulación dos seus produtos, tanto pola orixinalidade e estética do deseño como pola difusión de ideas ou valores propios de Galicia; c) Premios e mencións honoríficas ás empresas que na publicidade dos seus produtos ou servicios, realizada empregando o idioma galego, reflectan os mesmos valores sinalados no apartado anterior.

Consellería de Cultura

Orde do 18 de abril de 194 pola que se convocan subvencións á produción discográfica galega (DOG núm. 102).

A exposición de motivos desta orde deixa constancia da importancia que tivo o xenio popular na conservación da música popular a través do tempo, que chegou ata nós en forma de cántigas e doutras manifestacións musicais que conservamos, sendo a música un dos elementos identificados da nosa cultura. Grandes figuras da música seguiron componendo obras de xeito que non se chegou a perder nunca a nosa rica tradición musical. Na actualidade consérvase en soporte de disco, casete ou compacto moitas das producións musicais galegas.

A contía de cada subvención non poderá exceder a cantidade de trescentas mil pesetas, consistindo no equivalente ó 75 % do prezo de venda ó público (sen IVE).

I.5. PAÍS VALENCIÀ

Ernest GONZÀLEZ I FABRA
Tècnic de la Generalitat Valenciana

Per fi ha aparegut una disposició de caràcter general sobre l'ús de la llengua catalana en l'àmbit valencià, encara que amb el rang d'Ordre. Concretament la norma regula la senyalització de carreteres i la retolació de dependències administratives. No aporta gran cosa al que ja estava regu-